



VICTOR VICTORIA

Estados Unidos | 1982 | 132 min

DIRECTOR Blake Edwards

GUIÓN Blake Edwards (a partir dunha idea de Hans Hoemburg)

MÚSICA Henry Mancini

FOTOGRAFÍA Dick Bush

INTÉRPRETES Julie Andrews, James Garner, Robert Preston, Lesley Ann Warren, Alex Karras, Peter Arne, John Rhys-Davies, Graham Stark, Herb Tanney, Michael Robbins

SINOPSE Vitoria (Julie Andrews) é unha cantante de ópera que non consegue traballo e que está sumida na pobreza no París de 1934. Camiña farenta polas rúas despois de que o cabaré no que traballaba fracasase estrepitosamente. Coa axuda dun veterano cantante homosexual (Robert Preston), disfrazase de home e adopta o nome de Víctor. Consegue traballo no cabaré como transformista ("unha muller que finxe ser un home que, pola súa vez, finxe ser unha muller") e ten cada vez maior éxito. Ninguén sospeita que realmente é unha muller, nin sequera un rico home de negocios estadounidense (James Garner), que se namora del... ou dela.

No seu momento, *Victor/Victoria* foi un produto *kitsch*, xurdido ao mesmo tempo que películas de corte futurista, como *E.T.* ou *Blade Runner*, ou de mostras de celuloide descarnado do calibre de *First Blood* ou *Scarface*. Non deixaba de ser un risco producir unha comedia musical das de sempre tras a desfeita económica, un ano antes, de *Pennies from Heaven*, obra mestra de *Herbert Ross*, moito máis arriscada, visionaria e moderna. *Blake Edwards* saldaría positivamente a súa aventura gañando o favor dun público que se rendeu ante a homosexualidade radiante, humana e xenuína do personaxe de *Toddy*, encarnado por Robert Preston, punto clave que a diferencia sensiblemente do filme alemán. As súas numerosas secuencias de alcoba son, en realidade, o fóra de campo da primeira versión. Alí onde Reinhold Schünzel recorría á elipse ou afogaba o desexo en litros de alcol, *Blake Edwards* non se detén, tirando o máximo partido de diferentes situacións de confusión ou desencontro sexual, e asemade deixando apuntamentos soltos sobre a hipocrísia dun país que, como ben dixo o moi criticado Charlton Heston, ten máis xente oculta nos armarios que armas de fogo.

O ano que é abundante en poesía, dixo Cervantes, adoita selo tamén en fame. Tanto o París de 1934 do filme de Blake Edwards como o Berlín de 1933 do orixinal son sociedades moi desniveladas, onde as clases altas campan no medio dun pobo que sofre penurias económicas. Neses contextos, a ilusión, o espectáculo, a fantasía, imponse facilmente sobre unha realidade gris. A xente cre o que ve, dirá Toddy a Vitoria (Julie Andrews), mentres inicia o proceso de transformación. Un lema moi cinematográfico sobre o que se sostén gran parte da comicidade do filme. Visto o visto, tanto o gardacostas como a amante de Kingl (James Garner) crerán que este é gay, do mesmo xeito que o público aceptará que Vitoria é un home.

Na parede da habitación de Toddy, vemos colgada unha imaxe da actriz xermana Marlene Dietrich. Ese detalle e máis a interpretación dun número musical que recolle o clisé español (flamenco, toureo e zapateado), moi de moda na Alemaña dos anos trinta, emparentana co filme orixinal da UFA, produtora que nese momento contrataría a Imperio Argentina, estando xa ao servizo do réxime nazi. Pero a frescura dunha película que se forxou o mesmo ano en que transcorre foi substituída por unha calculada posta en escena, unha recreación luxosa, moitas veces suxeita á exhibición da muller do cineasta, Julie Andrews, cuxos números musicais, por veces, son un lastre narrativo para o desenvolvemento da acción. Pero á marxe destes puntos suspensivos, Blake Edwards, que diexetizou todo o aspecto musical —os personaxes xa non comezan a cantar de súpeto— consegue unha das súas mellores comedias. Imaxinativa, pois procura non repetirse, como ese plano xeneral inesperado no exterior do restaurante que aborda desde outro ángulo unha situación de pelexa masiva xa vista. Unha imaxe moi contrastada que, en por si, resume o universo de Blake Edwards: no corazón dunha cidade silenciosa, un recinto renxe. A choiva lambe con dozura a cidade, pero moi preto, unha fauna humana desatada, allea, torpe e divertida rebenta a paz da noite.

Daniel Gascó



SINOPSIS Victoria (Julie Andrews) es una cantante de ópera que no consigue trabajo y que está sumida en la pobreza en el París de 1934. Camina hambrienta por las calles después de que el cabaré en el que trabajaba haya fracasado estrepitosamente. Con la ayuda de un veterano cantante homosexual (Robert Preston) se disfraza de hombre y adopta el nombre de Víctor. Consigue trabajo en el cabaré como transformista ("una mujer que finge ser un hombre que, a su vez, finge ser una mujer") y tiene cada vez mayor éxito. Nadie sospecha que realmente es una mujer, ni siquiera un rico hombre de negocios estadounidense (James Garner), que se enamora de él... o de ella.



En su momento, *Victor/Victoria* fue un producto *kitsch*, surgido al mismo tiempo que películas de corte futurista, como *E.T.* o *Blade Runner*, o de muestras de celuloide descarnado del calibre de *First Blood* o *Scarface*. No dejaba de ser un riesgo producir una comedia musical de las de siempre tras el descalabro económico, un año antes, de *Pennies from Heaven*, obra maestra de Herbert Ross, mucho más arriesgada, visionaria y moderna. Blake Edwards saldaría positivamente su aventura ganándose el favor de un público que se rindió ante la homosexualidad radiante, humana y genuina del personaje de Toddy, encarnado por Robert Preston, punto clave que la diferencia sensiblemente del film alemán. Sus numerosas secuencias de alcoba son, en realidad, el fuera de campo de la primera versión. Allí donde Reinhold Schünzel recurría a la elipsis o ahogaba el deseo en litros de alcohol, Blake Edwards no se detiene, sacando jugo a diferentes situaciones de confusión o desencuentro sexual, al mismo tiempo que dejando apuntes sueltos sobre la hipocresía de un país que, como bien dijo el muy criticado Charlton Heston, tiene más gente oculta en los armarios que armas de fuego.

El año que es abundante en poesía, dijo Cervantes, suele serlo también en hambre. Tanto el París de 1934 del film de Blake Edwards como el Berlín de 1933 del original son sociedades muy desniveladas, donde las clases altas campan en medio de un pueblo que sufre penurias

económicas. En esos contextos, la ilusión, el espectáculo, la fantasía, se imponen fácilmente sobre una realidad gris. La gente cree lo que ve, dirá Toddy a Victoria (Julie Andrews), mientras inicia el proceso de transformación. Un lema muy cinematográfico sobre el que se sostiene gran parte de la comicidad del film. Visto lo visto, tanto el guardaespaldas como la amante de Kingl (James Garner) creerán que este es gay, del mismo modo que el público aceptará que Victoria es un hombre.

En la pared de la habitación de Toddy, vemos colgada una imagen de la actriz germana Marlene Dietrich. Ese detalle y la interpretación de un número musical que recoge el cliché español (flamenco, toreo y taconeo), muy de moda en la Alemania de los treinta, la emparentan con el film original de la UFA, productora que en ese momento contrataría a Imperio Argentina, estando ya al servicio del régimen nazi. Pero la frescura de una película que se forjó el mismo año en que transcurre ha sido sustituida por una calculada puesta en escena, una recreación lujosa, muchas veces sujeta a la exhibición de la mujer del cineasta, Julie Andrews, cuyos números musicales, en ocasiones, son un lastre narrativo para el desarrollo de la acción. Pero al margen de estos puntos suspensivos, Blake Edwards, que ha diegetizado todo el aspecto musical —los personajes ya no cantan de repente— consigue una de sus mejores comedias. Imaginativa, pues procura no repetirse, como ese plano general inesperado en el exterior del restaurante que aborda desde otro ángulo una situación de pelea masiva ya vista. Una imagen muy contrastada que, por sí sola, resume el universo de Blake Edwards: en el corazón de una ciudad silenciosa, un recinto cruje. La lluvia lame dulcemente la ciudad, pero muy cerca, una fauna humana desatada, ajena, torpe y divertida revienta la paz de la noche.

Daniel Gascó

